



O Pazo de Congressos e Exposicións de Pontevedra, foi escenario o pasado fin de semana da gala bianual dos cazadores galegos.

Máis de 300 cazadores déronse cita na décima edición do Día Galego da Caza

O pasado sábado, día 2 de maio, os cazadores galegos celebraban a súa festa bianual, o Día Galego da Caza, na que se congregaban máis de 300 persoas.

O salón de actos do Pazo de Congressos e Exposicións de Pontevedra, totalmente ateigado, acollía ás 13 horas a entrega dos Premios Galegos da Caza, aos mellores cazadores e sociedades de caza. Recibían galardón os campións provinciais, campións galegos, e os deportistas galegos que acadaron



Antonio Iglesias Otero, Campión da Copa Federación de Percorridos de Caza durante 3 anos consecutivos recolle os seus galardóns

medallas de ouro, prata e bronce nos Campionatos de España das diferentes modalidades, ademais dos campións da Copa Federación das disciplinas de San Huberto, Percorridos de Caza, Raposo e Cans de Rastro atrelados sobre xabaril. Tamén recollían premio as sociedades organizadoras dos campionatos galegos e campionatos de España disputados en Galicia.

A brillante actuación dos deportistas das seleccións galegas das diferentes modalidades cinexéticas púxose de manifesto nas 33 medallas –ouro, prata e bronce- acadadas nos campionatos de España durante o derradeiro bienio.

Trala entrega das distincións aos mellores deportistas e sociedades, nas mesmas instalacións tiña lugar o xantar de confraternidade dos cazadores galegos, a cuxos postres entregábanse os Premios Extraordinarios, que nesta edición recaían en Carlos Gabriel Babarro Collada, Premio toda unha vida adicada á caza, pola súa traxectoria como cazador e defensor do deporte cinexético; Jaime Vilas Díaz, Premio superación e sacrificio, pola superación e sacrificio persoal amosados na práctica da caza. No apartado de medios de comunicación eran galardoados a Páxina web club-caza.com e o Xornal El Progreso, polo seu labor de información e divulgación do deporte cinexético. O Premio xove promesa recaía no Equipo Infantil de Caza con Arco integrado polos nenos do Club Poutomillos Breogán que prometen un brillante futuro na arte da caza con arco. O Galardón ao exemplo de conciliación entre a vida profesional e social co deporte cinexético era para o ex-xogador de fútbol Manuel Canabal Fiestra; mentres que o Premio Diana Cazadora que representa o espírito feminino no





deporte cinético era para a profesora e investigadora da Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela, Ana López Beceiro.

O Premio San Huberto, máximo galardón federativo, recaían nesta ocasión en José Pena Caneda, SAT A Campiña, José Luis Castro Casas, e Comunidade de Montes en man común A Laxe, en representación dos agricultores, gandeiros e propietarios de montes, das provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, respectivamente, pola súa contribución á caza social.

Tralos discursos das autoridades presentes, o Presidente da Federación Galega de Caza, dirixíase aos presentes para dar por clausurada esta décima edición do Día Galego da Caza. Durante o seu discurso manifestaba o seu recoñecemento e agradecemento aos agricultores e gandeiros, en xeral ás persoas que viven e desenvolven a súa actividade no eido rural, recoñecendo públicamente que Galicia non pode permitir o abandono continuado das súas aldeas, e engadía “cada vez que pecha a casa o último veciño dunha das nosas aldeas morre un anaco de Galicia”.



José Da Silva, Presidente da Comunidade de Montes en man común A Laxe, recibe o Premio San Huberto de mans do Presidente da FGC en Pontevedra, Javier

**GABINETE DE COMUNICACIÓN
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA**

